




**Programa de actividades escolares
curso 2011/2012**



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura



PROGRAMA DIDÁCTICO 2011-2012

1.- Fundamentos Teórico metodolóxicos para deseñar o programa educativo nos museos da rede.

2.- Planificación:

2.1.- Fases do programa (Plan museolóxico educativo):

Conceptualización

Contextualización

Estructuración

Instrumentación

3.- Avaliación

4.- Execución


- **Bestiario medieval: animais de fábula**

Nivel: ESO

Data: curso escolar

Obxectivo: A intención desta actividade é que os nenos e nenas descubran o importante que o poder da creatividade e da imaxinación. Para iso tomamos como marco referencial e cronolóxico, a Idade Media, un periodo de oscurantismo e de gran descoñecemento, onde se ignoraban moitas realidades. A influencia da Igrexa tendía a plasmar imaxes demoníacas para atemorizar e creaba fantásticos códices, como o de Liébana, que supoñan un auténtico desfile de animais quiméricos: sereas, grifos, dragóns, basiliscos...

Mediante o bestiario cedido pola Biblioteca do Museo Provincial de Lugo os nenos mergullaranse nestas fabulosas representacións. Logo os poderán ver plasmadas en todo tipo de soportes nas pezas que alberga o Museo de San Paio de Narla como son colodras, esporas ou bastóns.



Bases do programa didáctico da Rede Museística

O Museo é un medio de comunicación visitable.

Presentamos o plan museolóxico da Rede Museística contemplando dúas técnicas nas que basar o traballo: a visual e a verbal. Buscamos a aprendizaxe inconsciente: "mirar, escoitar; sentir".

Dende a Rede Museística concebimos os museos como un espazo de educación e comunicación alternativa. Espazos de encontro e diálogo entre persoas e cultura. Debemos promover mediante a aprendizaxe unha actitude de valoración do patrimonio. Os obxectos nos museos teñen que ter: orden, secuencia, xerarquía e discurso, para poder levar a cabo un coherente programa didáctico.

Fundamentos Teórico-metodolóxicos para deseñar o programa educativo na Rede Museística Provincial de Lugo.

O modelo organizámolo en catro fases que van do teórico-conceptual ao instrumental-operacional.

Nas dúas primeiras fases, de carácter conceptual e contextual, propoñemos a reflexión teórica sobre cada un dos museos e o seu entorno (museos de sitio, moi asentados no seu territorio).

Nas dúas últimas, formulamos estratexias para a organización e execución das actividades, servizos e produtos que poden xenerarse dende a Rede museística.

O modelo proposto sustentase nun conxunto principios epistemolóxicos, teóricos e metodolóxicos que apuntan ao deber ser da educación non formal aplicada ás institucións museísticas; entendendo este tipo de educación como un proceso que permite o moldeamento da estrutura cognitiva dos individuos, para conformar un esquema de pensamento sensibilizado e consciente, preparandoo para valorar por si mesmo a importancia da conservación do patrimonio cultural.

O noso modelo, ademáis, considera tamén as categorías do aprendizaxe presentes na educación do século XXI propostas pola UNESCO (1996), as cales, aínda que son típicas dos espazos de aprendizaxe formal, poden tomarse como referentes para os aprendizaxes en espazos educativos non formais.

Estas categorías falan do desenvolvemento de catro aprendizaxes esenciais: o aprender a ser, aprender a coñecer, aprender a facer e o aprender a convivir.

O "aprender a ser" plantexa o desenrolo persoal-social coma un proceso que ten por obxeto o desenvolvemento da persoa na súa riqueza, na complexidade das súas expresións e nos seus compromisos como membro dunha colectividade, coma cidadán e produtor, inventor de técnicas e creador de soños.

Dende os nosos museos, sexan de arte, historia, etnografía, arqueoloxía, é posible desenvolver este tipo de aprendizaxe, porque precisamente hacia

razón de ser. Deste xeito, a unidade didáctica contempla ser realizada en dúas fases: unha teórica e outra práctica.

- **A procura do acibeche en San Paio**

Nivel: 1º, 2º, 3º e 4º ESO

Data: curso escolar

Obxectivo: No plan museolóxico e museográfico de San Paio, contemplanse unha serie de vitrinas que recollen unha mostra de acibeches. A intención desta unidade é dar a coñecer aspectos e pezas do museo pouco coñecidas por escapar a visión do espectador. De tal xeito que falaríase da tradición do acibeche recurrido ao espléndido colar de abadesa musealizado in situ, e enfocariase a atención na figa pétreo que figura na cheminea renacentista do último andar da torre. Todo isto co expreso desexo de instruír aos nenos e nenas na realidade do acibeche, unha pedra protectora íntimamente ligada a nosa cultura galega.



- **Pescudas de detective en San Paio**

Nivel: 5º e 6º de primaria e 1º da ESO

Data: curso escolar.



Obxectivo: trátase de que os nenos e nenas se metan, por uns intres, na pel dun detective. Pero dun detective peculiar, porque o seu campo de acción será o Museo de San Paio, e terán que ir superando unha serie de pistas para acadar a meta final. Unha desas pistas consistirá en localizar cunha lupa cal é a peza máis antiga nunha sala en concreto, por exemplo: hai que pescudar cal é a peza máis antiga da lareira, etc. Finalmente, chegarán o último piso da torre e se fixeron ben as súas tarefas, adeviñaran cal é o truco para abrir un cofre con **sorpresas**.



- Xogo das verbas

Nivel: 4º, 5º e 6º de E. Primaria

Data: curso escolar

Obxectivo: Aproveitamos a riqueza e a variedade do patrimonio cultural, tomando conciencia da importancia do pasado para comprender o presente, para espertar o interese polas visitas aos museos. Andamos á procura da estimulación e motivación mediante a posta en vigor de interesantes e divertidos xogos.

- Na lareira

Nivel: E. Infantil e 1º e 2º de E. Primaria

Data: curso escolar

Obxectivo: visítase a cociña para que o alumnado descubra a transformación que esta dependencia sufriu ao longo do tempo. Comparamos as vellas cociñas e as comidas que nelas se facían coas actuais.



- Unha firma medieval: un signo lapidario

Nivel: 6ª de primaria, 1º ESO e 2º ESO

Data: curso escolar

Obxectivo: Con esta unidade didáctica búscase afondar noutra realidade de San Paio de Narla, pouco coñecida e, por tanto, pouco difundida. Trátase de traballar coa temática dos signos lapidarios que se atopan diseminados por toda a fortaleza medieval e con reminiscencias renacentistas. Pretendese que os nenos e nenas comprendan a trascendencia destes signos que non eran meros garabatos na parede, senón que tiñan unha explicación e

onde se enfoca a acción museística é hacia a investigación sobre o home, as súas producións culturais e o seu carácter de ser simbólico.

Neste sentido, son moi proveitosas as actividades que plantexamos centradas na activación do pensamento. Aproveitamos a presenza do obxecto incardinado nun "espazo" e construído a partir dun tema, para activar procesos sensorio-perceptivos. Seguindo esta idea, nos nosos museos incitamos a captación e comprensión da información dende os cinco sentidos. Participar con todo o sentir do que as persoas somos capaces é o noso gran obxectivo no 2010-2011.

O desenvolvemento da aprendizaxe sobre o "coñecer" dende o museo depende da forma na que se concibe e conduce a visita guiada. Xa non a entendemos só como transmisión de información e ideas, senón como a posibilidade de mediar entre o mostrado nos espazos expositivos dos nosos catro museos e o público. Esta mediación ofrecémola a través das nosas actividades ofrecendo a posibilidade de explorar e descubrir participando.

O "aprender a facer" plantexa a aplicación dos coñecementos para desenvolver capacidades concretas de innovación e creación. No museo potenciamos esta aprendizaxe traballando na activación da creatividade e a actitude imaxinativa. Creatividade como acto lúdico, innovador e transgresor de fronteiras. O facer no museo reconece que a interacción coa exposición non remata nas salas de exposición, senón que ten que extenderse e consolidarse mediante a interacción.

O convivir. Dende a rede museística, creamos o departamento de capacidades diferentes e accesibilidade, onde lle damos un valor fundamental á tolerancia e ao respecto polo outro. Esta é unha aprendizaxe que ten que ver coa educación propiciadora do descubrimento do outro. O museo, na súa dimensión educativa e comunicativa, recoñécese coma un espazo socializador, no que poden potenciarse actitudes de non violencia e tolerancia mediante actividades que estimulen o diálogo e o intercambio de argumentos, mediante o traballo en equipo, ou mediante o deseño de propostas expositivas sobre culturas ou tradicións distintas procurando o coñecemento para acadar a tolerancia.

Planificación: Fases do programa (Plan Museolóxico educativo):

- **A conceptualización:**

A conceptualización é un momento para a reflexión acerca do ser de cada un dos museos, como institución comprometida co desenvolvemento socio-cultural do individuo, mediante a realización de diversas funcións, entre as cales destacan a expositiva, a educativa e a comunicativa, entendidas coma una soa e das máis importantes posto que permite a interacción entre o coñecemento exposto e o público-visitante.

- **A contextualización:**

A contextualización preocupase por caracterizar o contexto no cal se executan os programas. Isto implica a realización de estudos sistemáticos sobre as características do entorno, é dicir, identificar e analizar as variables presentes na relación entre o territorio e os programas culturais; principalmente os educativos. Esta fase é crítica, dela depende que os programas educativos sexan os adecuados e teñan impacto socio-cultural.

- **A estruturación:**

Comeza no proceso de identificación formal do perfil da institución museística, dado pola súa colección, a súa natureza e a súa tipoloxía. A partir da definición do perfil institucional, organízanse todos os demais compoñentes da programación museolóxica-educativa, polo cal o perfil da institución convertese a súa vez no elemento inicial para a construción colectiva e comprometida da filosofía de xestión. Que temos, que somos, de que xeito facemos participar.

O Plan Museolóxico-Educativo debe contemplar a expresión formal da filosofía de xestión, dando respostas ás seguintes preguntas: ¿quen somos, en tanto organización socio-cultural?, ¿cal é o propósito do noso traballo?, ¿hacia onde se dirixe a nosa acción no tempo?, ¿que queremos lograr no

- **O laberinto do castelo**

Nivel: Eso e Bac

Data: curso escolar

Obxectivo: coñecer a etnografía e desenvolver a creatividade do alumnado sendo conscientes da importancia do pasado para comprender o presente.



- **Fantasia e representación**

Nivel: infantil

Data: curso escolar

Obxectivo: empregando como fío conductor o conto da Bela durminte e aproveitando como recurso os obxectos expostos, o castelo vaise convertindo no escenario onde a imaxinación cobra vida ata materializarse como real.

- **Vivir no pasado**



Nivel: ESO e BAC

Data: curso escolar

Obxectivo: O estudo do espazo e do tempo no que se desenvolve o Señorío de San Paio de Narla. Empegamos como magnífico pretexto a lenda da Coiva da Serpe, así coma as distintas salas do museo.

Programación Exclusiva de San Paio

- Peiteados e aderezos

Nivel: 3º e 4º ESO

Data: Curso escolar

Actividade extensible a tódalas familias.

Obxectivo: concienciar aos rapaces e rapazas de cómo unha actividade que pode parecer tan rutinaria como a de peitearse pode ser algo estético e artístico. Ademais de agochar os entresixos de épocas históricas ao través das cales, sometidas a un exhaustivo estudo, veráse coma o peiteado era signo social de distinción e ostentación.



- Facendo Historia (Heráldica)

Nivel: 1º e 2º da ESO

Data: curso escolar

Actividade extensible a tódalas familias

Obxectivo: Fusionar heráldica e historia, condensándoos nun único concepto para amosar que tras un escudo agocháse moita crónica histórica. Un escudo non é unha peza inerte, ao contrario é unha peza parlante, e iso é o que se tentará facer visible incidindo en que é unha fiestrá para visio-
nar como era a vida dos nosos homes e mulleres con rango nobiliario do Medievo.



público visitante?, ¿cales son os valores e principios que guían nosa acción?

A fase de estruturación plantexa a organización dos elementos que forman parte do proceso de deseño de programas. Estes son:

1. Definición de obxetivos do programa, sempre en equipo aproveitando as capacidades de todos os departamentos dos museos.
2. A exhibición: títulos, temas, duración, loxística, pezas, obras ou obxectos que se expoñerán e as actividades de apoio.
3. As estratexias que se desenvolverán antes, durante e despois da execución das visitas guiadas. Neste terceiro compoñente é no que se aplicarán os enfoques e criterios teórico-conceptuais e metodolóxicos sinalados nos apartados anteriores.

• **A instrumentación:**

Aquí descríbense os modos de actuar ao propoñer procedimentos e formas de conducir o proceso educativo no museo. Seguindo esta liña, propóñense executar as seguintes estratexias:

1. Diseñar as actividades seguindo o enfoque interactivo participativo, a maneira de exploración, xa que iso activa a mente para a búsqueda de información e a construción do coñecemento. Por isto, deseñamos rutas de exploración ou follas didácticas a partir das cales conectamos contidos con experiencias previas. É para nós importante tamén a incorporación de actividades que desperten o cognitivo, o operacional e o afectivo do individuo, para converter ao museo nun espazo de aprendizaxe activo.
2. Discutir materiais informativos antes e despois da interacción no espazo museístico. Establecer contactos previos cos docentes, os cales discutirán os materiais cos seus alumnos na aula, preparándoos para a interacción e construción do coñecemento no museo.
3. Apoiar os contidos das exposicións co deseño de obradoiros que inclúan a construción de modelos, traballos que dialoguen co exposto. É importante incorporar tamén as estratexias non verbais de abordaxe do patrimonial, como a expresión corporal, musical, literaria ou a danza.
4. Apoiar os contidos das exhibicións con recursos didácticos, soportados nas novas tecnoloxías e nas redes sociais, antes e despois de interactuar co coñecemento exposto.
5. Recoméndase evitar textos con máis de cinco párrafos, así como utilizar o recurso da ilustración gráfica. Tales estratexias de "representación" no contexto expositivo poden lograr un impacto positivo no público visitante.
6. Considerando tamén que o compoñente sensorio-perceptual xenera un maior impacto expositivo e cognitivo que o compoñente semántico das exhibicións, proponse combinar textos impresos con auditivos. Estamos ante una educación baseada no conxunto dos sentidos. Proponse o deseño e montaxe de exposicións didácticas, entendidas non coma un recurso para transmitir información, senón coma un medio para construír coñecementos dirixidos a provocar cambios de actitudes e de visións.



MUSEO ETNOGRÁFICO
SAN PAIO DE NARLA

Actividades Didácticas para toda a Rede

- Visita de Iniciación o descubrimento. (Todos os niveis)

Obxectivo: comprender que as sociedades actuais están condicionadas polo seu pasado histórico. Recoñecer as ferramentas e analizar a súa evolución e a súa continuidade, así como a necesidade de conservarlas para outras xeracións.

- Aprendemos a ser: **Xogo de persoaxes**. (Todos os niveis)
- Aprendemos a vivir xuntos: **Ferrado, Fanega, Cañado, Real ... ¿Cómo vas a pagar o Foro?** (ESO)
- Aprendemos a facer: **Redes de historias**. (Secundaria e BAC)
- Aprendemos a facer: **Obradoiros de transmisión de saberes:** Liño en San Paio, Lá en Tor, Velas e redes no Museo do Mar. (Todos os niveis)
- **Toribia, Serpentina e Cipriana cóntanche** (Infantil e Primaria).
- Aprendemos a coñecer: **Os sentidos despertos**. (Todos os Niveis)
- Explorando Século XV pola provincia de Lugo: **Condes de Lemos en Tor; Pardo de Cela no Mar e Os Irmandiños en San Paio**.
- **Follas Novas, Novas Follas**. (ESO e BAC)
- **Itinerario feminino pola Rede Museística : Pezas e Lendas de mulleres**. (Todos os Niveis). Visitas guiadas nun percorrido en feminino polas coleccións dos museos da Rede.

7. Organizar as visitas guiadas incluíndo actividades de inicio e motivación, de desenvolvemento e peche. As actividades de desenvolvemento centraranse na activación do pensamento utilizando as técnicas de preguntas diverxentes e invitando a utilizar os sentidos (vista, olfacto, tacto, oído, gusto).
8. O importante é entender que o museo desta nova sociedade, denominada do coñecemento e do aprendizaxe, debe dar o salto cualitativo do contemplativo e transmisivo-informativo ao comunicativo-cognitivo.